



Club de cans de familia "Só Lles Falta Falar"

Teléfono: 698 131 924

info@sollesfaltafalar.org

www.cans.gal

Atópanos en:



## Cousas que facemos:

### Roteiros pola contorna de Galicia

Varias veces ao mes realizamos roteiros aptos para todos os públicos, pola contorna de Galicia. Nestas camiñadas mesmo atopamos recunchos de gran beleza.



### Visitas escolares

O noso programa é axeitado para calquera idade. Os contidos adáptanse ás necesidades didácticas de cada caso:

Somos unha ferramenta para os profesionais do ensino, alén de levarmos ás escolas a divulgación da tenza responsable.



### Charlas educativas e fomento da tenza responsable

Falamos da realidade do abandono fomentando a adopción.





O Club de cans de familia “Só lles falta falar” nace no ano 2008 coa finalidade de fomentar a tenza responsable de cans e a súa plena integración na sociedade.

Con este obxectivo organiza actividades coma roteiros por diferentes lugares, charlas formativas ou visitas a diversas entidades onde os cans desenvolven unha función de soporte terapéutico.

“Só lles falta falar” avoga para que as distintas administracións habiliten o tan desexado distintivo “Disco Verde” -ou tamén chamado “Good Neighbours” existente noutros países da nosa contorna- que identifica os cans que estean debidamente socializados. Isto implicaría unha serie de “privilexios” para os mesmos (acceso aos edificios públicos, medios de transporte público...) e contribuiría ao logro dunha plena convivencia na nosa sociedade.

Con todo isto “Só lles falta falar” quere demostrar que



OUTRO MODELO DE CONVIVENCIA  
É POSIBLE.



## Soporte terapéutico

Os nosos cans de soporte terapéutico axudan a mellorar a autonomía persoal, social e urbana, fomentan autocontrol emocional e xeran ilusión e responsabilidade.

É por isto que, semanalmente, visitamos diferentes entidades para realizar actividades tanto no propio centro escolar como ao ar libre pola cidade de Santiago de Compostela.



## Antes de meter un can na casa, fala connosco!

Favorecemos e promovemos a educación e a adopción en refuxios que cumpran cos requisitos legalmente establecidos. Dende hai tempo “Só lles falta falar” colabora co “Refuxio de Bando” fomentando as adopcións sen retorno e realizando tests de carácter para atopares un can que se adapte ao teu estilo de vida.



“En Só lles falta falar” non se realiza ningún tipo de actividade competitiva.

O noso traballo susténtase nun equipo multidisciplinar formado por mestres, psicólogos, especialista en conduta animal, gabinete xurídico,...

Asesoramos sobre profesionais debidamente acreditados que che axudarán na elección e na educación dun can axeitado as túas necesidades: de familia, de soporte terapéutico, de asistencia, rastrexador...